

ACTIVIDADE PORTFOLIO DE ESO Curso 2009/10 3º TRIMESTRE	
TÍTULO DA ACTIVIDADE	<i>On part à Paris</i>
IDIOMAS	<u>X FRANCÉS</u>
DESCRITORES A TRABALLAR	<u>Conversar A2</u> (Son capaz de manter breves diálogos cos compañeiros, tamen son capaz de realizar xogos de rol / Son capaz de intercambiar opinións, sei desculparme, expresar o que me gusta / Podo entender o que me din e responder) <u>Falar A2</u> (Son capaz de falar brevemente de experiencias, describir cousas, lugares e persoas / falo por iniciativa propia /ao falar fago algunhas pausas, teño dúbidas e debo repetir..) <u>Escoitar A2</u> (Comprendo o tema das conversacións e o sentido xeral de mensaxes breves ...ao oír nativos na rúa) <u>Escribir A2</u> (Escribo textos breves de 2 o 3 parágrafos, con frases curtas ..) <u>Ler A2</u> (comprendo textos breves e sinxelos públicos .../sei buscar a información que me interesa...en menús, catálogos, prospectos..)
DESTREZAS QUE SE INCLÚEN	X COMPRENDER: X <u>comprensión auditiva</u>, X <u>comprensión lectora</u> X FALAR: X <u>expresión oral</u> X <u>conversa</u> X ESCRIBIR : X <u>expresión escrita</u>
OBXECTIVOS	Ser capaz de ubicarse nunha cidade (Paris), ler un plano e pedir o camiño para ir nun lugar preciso Cóñecer os nomes das tendas (boulangerie, charcuterie,...), dos monumentos (Tour Eiffel,...) e do mobiliario urbán (place, kiosque...) Saber pedir comida nun restaurante, mercar nunha tenda Ser capaz de intercambiar opinións cos compañeiros acerca das actividades, dar a súa opinión e escoitar á dos demais. Saber comportarse adecuadamente en lugares públicos (hotel, aeroporto,...)
NIVEL	2º , 3º ESO
SECCIÓN DO PEL	X BIOGRAFÍA / X PASAPORTE DE LINGUAS / X DOSSIER
PROCEDEMENTO	Traballamos con unidades do libro de texto e ampliamos con fichas elaboradas pola propia profesora. Empezamos por planificar o traballo para realizar a tarefa final: a viaxe, apuntamos no taboleiro os pasos a seguir. Dividimos a clase por grupos de 3 o 4 alumnos. Despois de realizar cada actividade, os grupos colgan no taboleiro de corcho o resultado do traballo : un debuxo da súa maleta chea, a lista do que levarán na equipaxe de mán durante o vó, unha obrita para pedir comida nun restaurante, a lista do léxico útil para conversar educadamente nas tendas, unha simulación de cómo pedir a chave da habitación do hotel , a lista das solucións a problemitas no hotel,... A comezar cada clase, repasamos o taboleiro de cada grupo: dese modo, repasamos o léxico, a pronunciación,.. Primeiro, preparamos a maleta: traballouse o léxico da ropa; negociamos as prendas que resultan útiles nunha viaxe así como os complementos que podemos levar con nos nas maletas. Segundo, pensamos na forma de viaxar ata Francia, falamos dos medios de transporte, de como comportarse nun aeroporto, da

	documentación necesaria. Facemos un mapa do itinerario a seguir entre Neda e Paris. Terceiro, cun xogo de rol aprendimos a pedir a chave no hotel, a solucionar os principais problemas (falta de toallas, almofadas,...). Repasamos os números e as fórmulas de cortesía. Cuarto, traballamos as tendas: o seu nome, os artigos a ventá, a maneira de pedir o precio,...con fichas de vocabulario e realizando un xogo de rol. Quinto, descubrimos Paris e os seus monumentos cun Libro LIM feito pola profesora.
AVALIACIÓN: Seguimento	Durante a preparación da viaxe, avalíase a comprensión lectora e oral así como a expresión con actividades variadas (xogos de rol, fichas para completar, test de coñecemento). A viaxe foi a mellor avaliación posible, xa que os alumnos e alumnas tiveron que enfrentarse cos nativos e as dificultades propias dunha estancia no país estranxeiro. Tamen cubriron un boletín con preguntas sobre as visitas diarias e a súa estancia en xeral. A volta os alumnos e alumnas participantes explicaron ós seus compañeiros o que fixeron coa axuda de planos, tiquetes de metro, entradas a museos e parques, planos : e dicir cos documentos auténticos que traxeron de Francia. Os outros cubriron unhas fichas para avaliar a súa comprensión, a su vez mostraron seu traballo de búsqueda de información sobre a cidade e os seus monumentos.
AVALIACIÓN: Nivel de participación	Participaron na viaxe a casi totalidade dos alumnos de 2º e 3º ESO; os que quedaron no IES, fixeron un traballo de descubrimento da cidade e xogos de rol coa lectora.